



**-ASUNTO:** Proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio de 2021.

**-TRÁMITE:** Proposta da Presidencia ao pleno do Consorcio.

**-DATA:** 08-09-2020.

---

Visto que pola Presidencia do Consorcio, co asesoramento da intervención, procedeuse a elaborar o proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio de 2021, o cal consta da memoria explicativa da Presidencia, previsión de gastos e ingresos estado da liquidación do orzamento corrente, informe económico-financeiro, informe da intervención e bases para a execución do Orzamento.

Visto o anterior, en cumprimento do disposto no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, artigo 24 *dos Estatutos reguladores do Consorcio (Decreto 67/2015 publicado no DOG núm. 86 de 08.05.2015)*, e no uso das atribucións que lle veñen conferidas ao pleno do Consorcio polo *artigo 12.1 d) dos referidos Estatutos reguladores*, **PROPOÑO AO PLENO DO CONSORCIO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o **proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento para o exercicio de 2021 por un importe de catro millóns trescentos once mil euros (4.311.000,00 €)**, tanto no estado de ingresos como de gastos.

**SEGUNDO:** En cumprimento do sinalado na lexislación reguladora das facendas locais e no artigo 24 do Decreto 67/2015 polo que se aproban os estatutos do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (*DOG núm. 86 de data 08.05.2015*), elevar ao Pleno da Deputación Provincial o dito proxecto para a súa tramitación e aprobación integrado no Orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2021.

O PRESIDENTE,